

**Convocatoria:** Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S  
**Corpo:** 590 - Profesores de ensino secundario  
**Especialidade:** 112 - Organización e proxectos de fabricación mecánica  
**Tribunal:** 1

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

*DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2021]*

Quenda D e L

PRIMEIRA PROBA.

Parte A: Proba práctica

Para a súa avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

1. Resolución correcta e completa do exercicio proposto, dun xeito claro que explique o proceso de achado da solución final e, se procede, a correcta indicación das unidades correspondentes.
2. Desenvolvemento claro, coherente e correcto.
3. Incorporación, naqueles supostos prácticos nos que sexa posible e pertinente, de esquemas, gráficos e diagramas... que axuden á comprensión do procedemento seguido na resolución des-tes.
4. Indicación, seguindo unha secuencia lóxica e ordenada, de todos os pasos seguidos no desenvolvemento dos problemas, exercicios ou supostos prácticos, de forma que a resolución quede clara e concisa.
5. Exposición dos procedementos, razoamentos e progresión correcta no desenvolvemento do su-posto.

Parte B: Tema escrito

Para a súa avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

Contido do tema:

1. Conformidade cos apartados do tema.
2. Amplitude e profundidade dos contidos.
3. Tratamento de todos os apartados reflectidos no tema a desenrolar e están compensados en extensión.
4. Realización de debuxos e/ou esquemas aclaratorios relacionados co tema.
5. Relación con outros contidos do temario e/ou ensinanzas de aprendizaxe.

6. Actualidade dos contidos, sobre todo naquelas áreas que experimentaron unha renovación importante nos últimos anos.
7. Conclusión (síntese breve dos puntos máis relevantes desenvolvidos no corpo do tema).
8. Referencias normativas e ou bibliográficas.

#### Criterios de avaliación para a segunda proba

Criterios específicos da parte A (presentación e defensa dunha programación didáctica):

1. Adecuación aos requisitos establecidos na convocatoria en canto a número mínimo de unidades didácticas, extensión máxima e formato (papel, tipo de letra, tamaño e entreliñado).
2. Correspondencia co currículo establecido para o curso ao que corresponde a programación.
3. Coherencia entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os resultados de aprendizaxe.
4. Variedade de procedementos e instrumentos de avaliación establecendo unha clara diferenciación entre ambos.
5. Metodoloxía diversa, actividades e recursos variados relacionándoos cos obxectivos, contidos e resultados de aprendizaxe. Temporalización axeitada.
6. Medidas de atención á diversidade e ao alumnado con NEAE, NEE e con materias pendentes. Avaliación inicial e actividades de seguimento referidas a situacións concretas e variadas.
7. Claridade e control da exposición oral.
8. Uso axeitado do guión.
9. Control do tempo durante a exposición.

Criterios específicos da parte B (exposición oral dunha unidade didáctica):

1. Coherencia da unidade coa programación presentada.
2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e criterios de avaliación que se inclúen na unidade didáctica, coherencia entre eles e coa normativa.
3. Presenza para cada criterio de avaliación avaliabile incluído na unidade didáctica de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.
4. Metodoloxía diversa, actividades variadas relacionándoas cos obxectivos, contidos, e criterios de avaliación.

5. Adecuación da totalidade dos elementos que forman parte da unidade á temporalización prevista para a mesma.
6. Atención a diversidade, diferenciando os tipos de atención que ademais consten con actividades específicas.
7. Variedade de procedementos e instrumentos de avaliación, establecendo unha clara diferenciación entre ambos e relacionándoos coa atención á diversidade e sendo coherentes cos elementos do currículo.
8. Claridade e control da exposición oral.
9. Uso axeitado do guión.
10. Control do tempo durante a exposición.

Criterios específicos de avaliación das probas para as quendas B e E.

Aqueles opositores pertencentes a esta quenda, que deban facer o exame práctico, seralles de aplicación os mesmos criterios expostos para a quenda D e L referidos a parte A da primeira proba.

Para a segunda parte da proba os criterios son os seguintes:

1. Elaboración dun índice do tema que se desenvolve.
2. Introducción sintética do desenvolvemento posterior.
3. Estrutura coherente na exposición do tema.
4. Demostración dos coñecementos específicos, científicos e técnicos propios do tema elixido polo/a aspirante.
5. Uso correcto das técnicas, notación e terminoloxía propias desta disciplina.
6. Coherencia entre o exposto no tema e o tema elixido.
7. Claridade e control da exposición oral. Uso do guión.
8. Control do tempo.